

04/11/2022

ACTUACIÓNS DE CONTROL DA *THAUMETOPOEA PITYOCAMPA* (PROCESIONARIA DO PIÑEIRO)

A procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa*) é un lepidóptero defoliador, que se alimenta durante a maior parte do seu ciclo biolóxico das follas dos piñeiros, ocasionando a perda de agullas, e principalmente perda de crecemento e debilidade nos pés defoliados.

O ciclo biolóxico non se desenvolve nas mesmas datas en todos os montes, dependendo principalmente da climatoloxía. Ademais, vese afectado polas condicións meteorolóxicas do momento.

A bolboreta ou imago sae do solo para facer a posta ó longo do verán (xuño a setembro das zonas máis frías ás máis cálidas), rapidamente aparease, e comeza a posta que se efectúa en forma de canutos envolvendo cos ovos as dúas agullas da mesma vaina. A súa posta é de 120 a 300 ovos sempre elixindo os piñeiros que van a resultar mellores para as futuras larvas, especialmente soleados, en bordes de accesos, e onde non existan postas. Neste momento a

As eirugas comezan a formarse a comezos de setembro, logo forman un grupo que se protexe con fíos de seda sen aparencia de bolsón, sendo fáciles de localizar pola cor ocre das acículas próximas, que son as primeiras que comen. Pasan por cinco estadios de desenvolvemento, e sempre separados por unha muda de crecemento. No cuarto ou quinto estadio, os danos ocasionados pola súa voracidade, poden ser importantes, estando sempre en relación co número de eirugas e o alimento dispoñible. Cando este último é escaso, poden ocasionar a defoliación completa dos piñeiros e causarlles a morte.

A finais do inverno e comezo da primavera, cando o seu desenvolvemento xa está completo, baixan das árbores formando unha "procesión", de aí o seu nome vulgar. Esta procesión vai sempre guiada por unha femia, e unha vez localizado o sitio adecuado entérranse no chan, onde completan o ciclo mediante a crisalidación. Os ataques ás masas nunca son mediante unha invasión masiva, se non que comeza con ataques nas zonas máis soleadas, bordes da masa, perímetros de pistas forestais ou en estradas.

Na semana 45, se as condicións meteorolóxicas o permiten, seguiremos cos tratamentos de control da procesionaria con *Bacillus thuringiensis*, nos montes de xestión pública, onde se detectaron ataques de procesionaria na provincia de Ourense:

DISTRITO	CONCELLO
XIII	Rubiá
	Vilamartin de Valdeorras
XIV	A Mezquita
	A Gudiña
	Laza
XV	Lobios

COLOCACION DE TRAMPAS TIPO G CON FEROMONAS SEXUAIS.

Cada 15 días procedeuse a revisión das capturas en cada trampa, para obter unha curva de voo dos machos adultos, para fixar o momento de maior apareamento dos adultos e así determinar o momento de máxima eficacia do tratamento en cada monte.

REVISIONS (Nº DE CAPTURAS DE MACHOS DE ADULTO DE PROCESIONARIA)			REV1	REV2	REV3	REV4	REV5	REV6	REV7
DISTRITO	CONCELLO	MONTE	23/06.	7/07.	14/07.	28/07.	17/08.	05/09.	21/09.
XIV	Laza	Barreiro e Malladagrade	2	76	68	22	11	5	2
XIV	Vilardevós	Castelo de Pena e Serra de Penas Libres	0	13	23	6	15	4	0
XIV	A Mezquita	Chaguazoso	5	18	12	6	5	6	1
XIV	A Gudiña	Comunal de Erosa	19	143	176	27	25	10	6
XIV	A Gudiña	Comunal de Parada	20	150	135	19	16	7	3
XIV	Laza	Comunal de Tamicelas	56	65	205	28	24	21	9
XIV	Monterrei	Ladairo, Portela e Camiño Vello	0	0	130	2	1	4	0
XIV	Oimbra	Monte de Videferre	0	0	0	0	0	0	0
XIV	Verín	Montes de Vilamaior	0	0	6	3	0	0	0
XIV	Monterrei	San Salvador e Veiga	0	0	100	3	0	5	0
XIV	Laza	Seixadelo e Carballeiras	4	57	45	22	9	4	3
XV	Lobios	Serra de Lobios e Nichos	1	0	10	0	8	0	0
XIV	Monterrei	Serra de Meda	0	15	69	15	12	8	4
XIV	Monterrei	Serra de San Salvador	0	1	75	3	3	0	1
XIV	Monterrei	Serra de San Salvador e Serra de Meda	1	29	217	52	36	24	8
XV	Lobios	Serra de Santa Eufemia	3	0	18	15	0	0	0
TOTAL			111	567	1289	223	165	98	37

